

Curso NIS2 Coñece e aplica o framework regulatorio de ciberseguridade

Descrición

Ofrece profundos coñecementos sobre a implementación da Directiva NIS2, abrangendo as políticas, incidentes, seguridade, xestión da cadea de subministracións e os riscos asociados. Ademais, verase como a directiva interactúa con outras normativas e regulamentos.

Obxectivos

- Explicar os conceptos fundamentais da Directiva NIS2 e os seus requisitos.
- Entender a aplicabilidade e obxectivos da directiva.
- Obter unha comprensión profunda dos principios, estratexias, metodoloxías e ferramentas necesarias para implementar e xestionar eficientemente un programa de ciberseguridade de conformidade coa Directiva NIS2.
 - Aprender a interpretar e implementar os requisitos da Directiva NIS2 no contexto específico dunha organización.
 - Iniciar e planificar a implementación dos requisitos da Directiva NIS2.
 - Adquirir o coñecemento necesario para axudar a unha organización para planificar, implementar, xestionar, monitorizar e manter de maneira efectiva un programa de ciberseguridade de conformidade coa Directiva NIS2.

Dirixido a

- Operadores/as de tecnoloxía IT
- Profesionais da ciberseguridade
- Responsables de cumprimento normativo
- Directores/as de seguridade da Información
- Auditores/as
- Consultores/as

BENEFICIOS

Diploma de asistencia

Perfil do docente



A formación contará cun equipo docente de primeiro nivel, composto por profesionais cunha sólida traxectoria en ciberseguridade, privacidade, cumprimento normativo e resiliencia dixital. Este grupo de expertos combina experiencia técnica, visión estratéxica e liderado nos seus respectivos sectores, o que garante unha formación rigorosa, actualizada e aliñada cos retos reais da contorna empresarial.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	01/04/2027 - 15/04/2027
PROBA DE SELECCIÓN	16/04/2027 (00:00)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	10 horas
DATA INICIO	03/05/2027
DATA FIN	11/05/2027
HORARIO	3 e 4 de maio de 16:00 a 19:00 horas, e 10 e 11 de 16:00 a 18:
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Non

MÓDULOS TRANSVERSAIS Igualdade de 5 horas

TECNOLOXÍA Ciberseguridade/Ciberseguridad

ISMS Forum

PERIODO DOCENCIA 03/05/2027 - 11/05/2027

Temario

Introdución / Disposicións xerais

- Obxectivos da directiva
- Ámbito de aplicación
- Entrada en vigor e principais datas
- Tipos de entidades: esenciais e importantes
- Autoridades competentes
- Definicións
- Réxime sancionador
- Responsabilidades da dirección

Implementación da directiva NIS2 parte 1: Políticas e actividades de seguridade e continuidade

- Políticas de seguridade dos sistemas de información
- Continuidade das actividades, como a xestión de copias de seguridade, a recuperación en caso de catástrofe e a xestión de crise

Implementación da directiva NIS2 parte 2: Incidentes

- Xestión de incidentes
- Equipos de resposta a incidentes (CSIRT)
- Detección
- Obrigas, capacidades técnicas e funcións
- Divulgación de información
- Cooperación nacional
- Cooperación internacional: comunicacións

Implementación da directiva NIS2 parte 3: Seguridade na cadea de subministración

- A seguridade da cadea de subministración, incluídos os aspectos de seguridade relativos ás relacións entre cada entidade e os seus provedores ou prestadores de servizos directos

Curso NIS2 Coñece e aplica o framework regulatorio de ciberseguridade

- A seguridade na adquisición, desenvolvemento e mantemento de sistemas de redes e de información, incluída a xestión e divulgación das vulnerabilidades

Implementación da directiva NIS2 parte 4: Xestión de riscos

- Proceso de xestión de riscos
- Políticas e procedementos para avaliar a eficacia das medidas para a xestión de riscos de ciberseguridade

Implementación da directiva NIS2 parte 5

- A xestión de activos
 - Prácticas básicas de ciberhixiene e formación en ciberseguridade
 - Seguridade dos recursos humanos
 - Políticas de control de acceso
 - Políticas e procedementos relativos ao uso da criptografía
 - Solucións de autenticación multifactor ou de autenticación continua, comunicacións de voz, video e texto seguras e sistemas seguros de comunicacións de emerxencia na entidade, cando proceda
- Supervisión e execución

- Auditoría do cumprimento da NIS

Relación da NIS2 con outras regulacións: ENS, DORA, GDPR

- Comparación co Regulamento Xeral de Protección de Datos (GDPR)
- Coherencia coa Directiva de Seguridade de Redes e Sistemas de Información (NIS1)
- Sinerxías con ISO/IEC 27001 e outros estándares de ciberseguridade
- Desafíos do cumprimento cruzado
- DORA
- Regulación da IA